

## SEMANA DO 08 AO 12 DE XUÑO

*Nesta semana ímos a traballar a oitava unidade do curso, “Coñecemos a natureza”.*

*Nesta unidade ímos a ver un par de cousiñas que debedes de saber e logo faremos uns exercicios moi fáciles. Imos alá!*

### As catro estacións

O ano ten **catro** estacións.



No **inverno** vai frío e nalgúns lugares, neva. Moitas árbores quedan sen follas.



Na **primavera** chove e a temperatura é máis cálida. A maioría das plantas florece.



No **verán** vai moita calor e non adoita chover. As plantas perden as flores e dan froitos.



No **outono** refresca e chove acotío. Moitas árbores perden as súas follas.

## A paisaxe cambia

A paisaxe que vemos experimenta cambios ao longo do ano debido ao paso das estacións.

A paisaxe tamén se modifica como consecuencia da actuación das persoas. Así, a construción de estradas, pontes, túneles... transforma de maneira importante a paisaxe natural.



1. Que significa cada símbolo do tempo? Marca.

	<input type="checkbox"/> solleiro		<input type="checkbox"/> chuvioso
	<input type="checkbox"/> chuvioso		<input type="checkbox"/> anubrado
	<input type="checkbox"/> con neve		<input type="checkbox"/> con neve
	<input type="checkbox"/> anubrado		<input type="checkbox"/> chuvioso

2. Observa o tempo que vai e completa.



É un día

Vai



É un día

Vai

3. *Escrebe o nome das estacións do ano.*

---

---

4. *Que ocorre en cada estación do ano? Le e une.*

primavera


verán

outono

inverno

- Chove a miúdo e as árbores perden follas.
- Vai moita calor e non adoita chover.
- Vai frío e moitas árbores están sen follas.
- A temperatura é cálida e a maioría das plantas florecen.

5. *Que elementos construídos polas persoas podes ver nesta paisaxe? Coloréaos e escribe os seus nomes.*



Nesta paisaxe construíronse

---

---

---

---